

CES  
Cooperativismo e Economía Social  
Núm. 36 (2014), páxs. 243-248  
ISSN: 1130-2682

OBRIGA DE CUALIFICACIÓN DA BAIXA DO  
SOCIO E CONSECUCIAS DO SILENCIO  
DO ÓRGANO DE ADMINISTRACIÓN.  
ANOTACIÓNS Á SENTENZA DA AUDIENCIA PROVINCIAL  
DE A CORUÑA DE 27 DE FEBREIRO DE 2014.

*OBLIGATION OF QUALIFICATION OF THE FALL  
OF THE PARTNER AND CONSEQUENCES OF THE  
SILENCE OF THE ORGAN OF ADMINISTRATION.  
ANNOTATIONS TO THE JUDGMENT OF THE PROVINCIAL  
COURT OF A CORUÑA OF FEBRUARY 27, 2014.*

ANXO TATO PLAZA<sup>1</sup>

---

<sup>1</sup> Catedrático de Dereito Mercantil. Universidade de Vigo. Dirección de correo electrónico: atato@uvigo.es



1.- Dna. Ariadna solicitou a súa baixa voluntaria na cooperativa Sud-4, sociedade cooperativa galega. O Consello Reitor da cooperativa, na súa reunión de 29 de xuño de 2010, aceptou a baixa da socia, pero non se pronunciou sobre a súa cualificación como baixa xustificada ou inxustificada, deixando para un momento posterior esta decisión. Nunha nova reunión do Consello Reitor celebrada o 10 de outubro de 2011 aceptouse de novo a baixa da socia, pero –unha vez máis– omitiuse calquera decisión sobre a súa cualificación.

Ante esta situación, Dna. Ariadna formulou demanda fronte á sociedade cooperativa, solicitando que se condenase a esta a cualificar a baixa como xustificada, e a reintegrarlle á socia as súas achegas ó capital social e as cantidades achegadas para o financiamento da vivenda, todas elas sen retencións nin deducións de ningún tipo. A demanda foi inicialmente estimada polo Xulgado do Mercantil número 2 de A Coruña. Fronte a esta sentenza interpuxo un recurso de apelación a sociedade cooperativa.

2.- Na súa sentenza de 27 de febreiro de 2014, a Audiencia Provincial de A Coruña desestima o recurso de apelación presentado por Sud-4, sociedade cooperativa galega. O rexeitamento do recurso apóiase, entre outros, nos seguintes Fundamentos de Dereito: “O órgano competente da cooperativa demandada continúa *sine dies* pronunciarse sobre a cualificación da baixa como xustificada ou inxustificada, e os seus efectos, por pospoñelo xenéricamente para outra ocasión, polo que de ningún xeito pode ser aceptada a alegada caducidade da acción, xa que é a demandada a que non adopta acordo en sentido algún para que puidera ser estimado o motivo do recurso. Estamos pois conformes coa declaración da sentenza apelada de baixa xustificada, como xa razoábamos na nosa sentenza de 12 de setembro de 2013 (...) non sendo aceptable facer depender os dereitos de saída e económicos recoñecidos na Lei e nos estatutos ó socio do só arbitrio do órgano competente da cooperativa, que no caso axuízado negouse de xeito reiterado e prolongado a tomar decisión ó respecto, non obstante as oportunidades que tivo para facelo, e cando legal e estatutariamente tiña a obriga de pronunciarse, segundo se desprende do conxunto da normativa legal e estatutaria comentada máis arriba en relación á reseñada na sentenza de primeira instancia, malia non existir precepto específico naquela época (sí tras a reforma pola Lei galega 14/2011, de 16 de decembro, ademáis de na Lei estatal de 16 de xullo de 1999) (...). Podería discutirse, baixo a lexislación aplicada pola sentenza, se unha falta de pronunciamento pola cooperativa sobre a cualificación dunha baixa voluntaria deberá entenderse como xustificada ou inxustificada. Inda que nun caso non exactamente igual ó presente (...) din ó respecto as sentenzas da Audiencia Provincial de Pontevedra de 15 de decembro de 2010 e de 1 de febreiro de 2011 que o sistema legal exige que a decisión do socio sexa cualificada polos órganos da cooperativa, pois

só así poderán determinarse os seus efectos. E engaden que non cabe soste que a decisión da assemblea fora só unha especie de dación de conta, con postergación da decisión definitiva. A Asemblea, repítese, expresamente aceptou a baixa. Aceptar o contrario suporía sumir en situación de indefensión ó cooperativista, que non podería recorrer a decisión de considerar a baixa como inxustificada. A boa fe obrigaba á cooperativa a proclamar esta situación. Co seu silencio debe entenderse que aceptou o carácter xustificado da baixa. Pola súa banda, a Lei estatal de Cooperativas 27/1999 de 16 de xullo dispón no seu artigo 17.2 que a cualificación e a determinación dos efectos da baixa será competencia do Consello Reitor, que deberá formalizala no prazo de tres meses, salvo que os Estatutos establezan un prazo distinto, a contar dende a data de efectos da baixa, por escrito motivado que deberá ser comunicado ó socio interesado. Transcorrido este prazo sen resolución do Consello Reitor, o socio poderá considerar a súa baixa como xustificada ós efectos da liquidación e reembolso das súas achegas ó capital social, todo isto sen prexuízo do previsto no artigo 51 desta Lei. De xeito parecido o artigo 20.5 da Lei Galega de 1998, tras a reforma 14/2011, establece que o órgano de administración deberá resolver sobre a cualificación e efectos da baixa nun prazo máximo de tres meses dende que fora comunicada; transcorrido este prazo, a baixa entenderase como xustificada, salvo no caso de incumprimento do prazo de preaviso ou do compromiso de permanencia, todo isto sen prexuízo do disposto na presente Lei para o reembolso das achegas no artigo 64 (...). De todos os xeitos, o conxunto das concretas circunstancias do caso axuízado permiten confirmar a conclusión do xulgador de instancia e considerar como xustificada a baixa da demandante, cos seus efectos consecuentes, non só por ter solicitado nos seus escritos de abril e setembro de 2008 a devolución de todas as súas achegas sen desconto ou retención ou porque o Consello Reitor gardara silencio inicialmente, senon todo isto unido á moi prolongada ausencia de resposta durante máis de dous anos, malia a obriga que lle incumbía de pronunciarse sobre a baixa pedida e a súa cualificación, como xustificada ou inxustificada, cos seus efectos prácticos”.

3.- Na súa redacción actual –introducida tras a reforma da LCG pola Lei 14/2011- o artigo 20.5 da LCG establece o seguinte: “O órgano de administración deberá resolver sobre a cualificación e os efectos da baixa nun prazo máximo de tres meses desde que lle fose comunicada; pasado o dito prazo, a baixa entenderase como xustificada, agás no caso de incumprimento do prazo de preaviso ou do compromiso de permanencia, todo isto sen prexuízo do disposto nesta lei para o reembolso de achegas no artigo 64”. Así pois, pode comprobarse que, na súa redacción actual, a LCG configura a cualificación da baixa como una obriga do órgano de administración da cooperativa, especificando ademais con precisión as consecuencias do silencio deste en relación coa cualificación da baixa unha vez que esta foi solicitada polo socio. Sen embargo, a LCG non contemplaba de xeito específico esta obriga na súa redacción orixinal. Por este motivo, con anteriorida-

de á reforma introducida pola Lei 14/2011 xurdían dúbidas sobre as consecuencias derivadas do silencio do órgano de administración en relación coa cualificación da baixa do socio. Estas dúbidas son as que se afrontan na sentenza que comentamos.

3.1.- En efecto, o artigo 20.5 LCG, na súa redacción orixinal, establecía o seguinte: “os acordos do órgano de administración sobre a cualificación e os efectos da baixa do socio poderán ser impugnados ante a xurisdición ordinaria, e contra eles poderase recorrer previamente ante o comité de recursos ou, no seu defecto, ante a assemblea xeral, no prazo máximo de dous meses desde a notificación do acordo”.

Pode comprobarse que, como xa avanzabamos, a LCG –na súa redacción orixinal- non contemplaba de xeito específico a obriga do órgano de administración de cualificar a baixa do socio unha vez solicitada por este. Consecuentemente, tampouco concedía un prazo ó órgano de administración para a proceder a esta cualificación, nin regulaba as consecuencias derivadas do silencio ou inactividade do órgano de administración.

3.2.- Partindo deste silencio da LCG –na súa redacción orixinal- en relación coa obriga do órgano de administración de cualificar a baixa do socio unha vez solicitada por este, a sentenza que comentamos enfróntase precisamente a un suposto no que o Consello Reitor da cooperativa omite e apraza de xeito indefinido calquera pronunciamento sobre o carácter xustificado ou inxustificado da baixa, e consecuentemente sobre o importe das achegas que deben reembolsarse ó socio.

Nunha hipótese como a descrita, a Audiencia Provincial de A Coruña afirma con rotundidade a obriga do Consello Reitor de cualificar a baixa do socio unha vez solicitada por este. Asimesmo, a Audiencia tamén identifica con precisión as consecuencias derivadas do incumprimento desta obriga. De xeito que o adiamento inxustificado da resolución do órgano de administración en relación coa cualificación da baixa conleva a cualificación desta como xustificada, e o conseguinte recoñecemento do dereito do socio ó reembolso íntegro das súas achegas ó capital social, sen retencións nin deducións de ningún tipo.

3.3.- Para rematar, e como xa apuntamos con anterioridade, cómpre sinalar que o réxime aplicable á baixa dos socios cooperativistas e á súa cualificación na LCG foi obxecto dunha importante reforma a través da Lei 14/2011. Despois desta reforma, o artigo 20.5 da LCG contempla de xeito expreso a obriga do órgano de administración de cualificar a baixa do socio. Deste xeito, esta obriga, froito como acabamos de ver da elaboración xurisprudencial, acada coa reforma de 2011 rango legal.

A reforma introducida no ano 2011, en fin, tamén precisa o prazo co que conta o órgano de administración para o cumprimento desta obriga: tres meses. En ausencia de resolución expresa do órgano de administración dentro deste prazo, a baixa considerárase xustificada, agás que o socio cooperativista incumprira o pra-

zo de preaviso ou o compromiso de permanencia mínima na cooperativa. Inda que o novo artigo 20.5 tampouco indica o que sucede nestes dous últimos supostos, entendemos que o incumprimento do prazo de preaviso ou do compromiso de permanencia mínima permite a cualificación da baixa como inxustificada malia o silencio do órgano de administración. De xeito que, inda que non existira resolución do órgano de administración cualificando a baixa como inxustificada dentro dos tres meses seguintes á solicitude de baixa voluntaria, o órgano de administración poderá practicar sobre as achegas que deban reembolsarse ó socio cooperativista as deducións previstas para as baixas inxustificadas, incrementadas nun máximo dundez por cento se o prevén os Estatutos (artigo 20.2 *in fine* LCG). Asemade, o socio cooperativista poderá quedar obrigado a indemnizar á cooperativa os danos e prexuízos causados co incumprimento do prazo de preaviso ou do período de permanencia mínima (artigo 20.2 LCG).